



Universidade de Vigo

MÁSTER UNIVERSITARIO EN CRIMINOLOXÍA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

1 Xustificación de interese socioeconómico para a Comunidade Autónoma

O título de máster en criminoloxía que se propón nesta memoria ten potencialidade para xerar beneficios de diverso xénero para a sociedade e a economía galegas. Unha parte importante deses beneficios teñen a ver coa formación de diversos tipos de profesionais, sexa para a súa entrada ao mercado laboral sexa como proceso de formación continua de persoal xa inserido nese mercado. Semella evidente que tal xénero de formación, que non existe aínda no sistema universitario galego (en adiante, SUG), ten capacidade para xerar o tipo de beneficios sociais e económicos que o sistema universitario está chamado a producir. Ese tipo de beneficios van ser obxecto de atención nos puntos seguintes deste documento, especificamente dedicados ao impacto laboral da proposta e á súa demanda potencial. Coa intención de evitar repeticións innecesarias, este apartado do documento vaise centrar na relevancia da proposta desde a perspectiva do impulso do sistema científico de Galicia e, sinaladamente, do SUG.

Os estudos de criminoloxía, isto é, a análise empírica e empírico-normativa dos conflitos sociais que son obxecto de control penal e da resposta –institucional e social– a eses fenómenos, consolidáanse no plano científico a mediados do s. XX. Naquela altura, para alén da creación da *American Society of Criminology* (en 1941), nos EEUU comezaron a crearse os primeiros títulos de criminoloxía o de xustiza penal (*criminal justice*). Este proceso replicouse, nun contexto social na que a necesidade deses estudos era cada vez máis evidente, no Reino Unido entre os anos '60 e os anos '70. Pouco despois, aconteceu o propio nalgúns outros países europeos, sinaladamente Bélxica, Noruega ou Países Baixos. Non obstante, naquelas últimas décadas do s. XX este proceso distaba de ter alcance continental. De feito, a *European Society of Criminology* só se creou no ano 2000.

En todo caso, a consolidación dos estudos de criminoloxía nos currículos académicos de múltiples países europeos experimenta unha notable aceleración desde comezos do presente século. Os títulos de grao e posgrao en criminoloxía proliferan nos últimos vinte anos en diversos países de Europa occidental, como Alemaña, Portugal ou –con diversas particularidades propias– Francia e Italia.

Nalgúns casos o proceso adquire unha dimensión exponencial. Un deses casos é o español. A expansión da criminoloxía no plano académico en España é un fenómeno que destaca tanto polo seu carácter relativamente tardío como pola súa intensidade. A *Sociedad Española de Investigación Criminológica* créase no ano 2000. Se ben xa existían másters e títulos propios en materias criminolóxicas con anterioridade, o primeiro grao en criminoloxía créase en 2010. Só doce cursos despois, hai graos en criminoloxía en 40 universidades españolas e o número de estudantes destes títulos situábase en 2023 por riba dos vinte un mil. Máis en concreto, 21.323 estudantes estaban a cursar graos de criminoloxía en España no curso 2022-2023. Para poñer en contexto a dimensión desa cifra, basta comparala co volume de estudantes doutras ciencias xurídicas e sociais no mesmo ano. Unha década despois da creación dos primeiros graos de criminoloxía en España, o número de estudantes dese título representaba no curso 2022-2023 o 20% do estudiantado de grao de dereito ou o 26,3% do estudiantado de psicoloxía. Sen embargo, chama a atención que en pouco máis dunha década o número de estudantes de criminoloxía chegase a representar o 88% da cantidade de estudantes de economía e sexa un 2,6% superior ao de estudantes de traballo social, un 37,1% superior ao de estudantes de xornalismo, un 131,6% maior que o de estudantes de ciencia política, un 236,3% máis que o de estudantes de socioloxía e un 476,6% superior ao de estudantes de antropoloxía (toda a información empírica mencionada neste apartado procede do Ministerio de Universidades).

É salientable, en todo caso, que ese proceso de expansión da criminoloxía fíxose cun importante peso das universidades privadas, que teñen visto neste campo académico un claro nicho do mercado formativo. En efecto, no curso 2022-2023 o 31,6% do estudiantado de criminoloxía estaba matriculado en universidades privadas, mentres que esa porcentaxe era o 20,6% con carácter xeral, o 19,4% no caso de dereito, o 5,5% no de traballo social e o 2,1% no de socioloxía. No curso 2022-2023, as universidades españolas que ofertaban graos en criminoloxía eran *Abat Oliba* CEU, *Universidad a Distancia de Madrid*, *Alicante*, *Autònoma de Barcelona*, Barcelona, Cádiz, Camilo José Cela, *Castilla-La Mancha*, Católica de Valencia, Católica San Antonio, Complutense de Madrid, Europea de Madrid, Europea de Valencia, Europea Miguel de Cervantes, Extremadura, Francisco de Vitoria, Girona, Granada, *Internacional de La Rioja*, *Internacional Isabel I de Castilla*, Internacional Valenciana, *Jaume I de Castelló*, *Loyola de Andalucía*, Málaga, Murcia, UNED, UOC, Pablo de Olavide, País Vasco/EHU, Pompeu Fabra, Pontificia Comillas, *Rey Juan Carlos*, Salamanca, San Pablo-CEU, Santiago de Compostela, Sevilla, *València*, Valladolid e *Vic-Central de Catalunya*. En moitos casos, esta oferta cobra a forma de dobres graos, frecuentemente con dereito, pero tamén nalgúns casos con psicoloxía ou traballo social.

Esta situación de intensa proliferación de títulos de criminoloxía non é moi diferente polo que fai ao posgrao. No curso 2022-2023, as seguintes universidades españolas contaban con másters en materias criminolóxicas e penolóxicas: *Universidad a Distancia de Madrid, Alfonso X el Sabio, Alicante*, Barcelona, Cádiz, Camilo José Cela, Carlos III, *Castilla-La Mancha*, Católica de Valencia San Vicente Mártir, Católica San Antonio, *Católica Santa Teresa de Jesús de Ávila*, Deusto, Europea de Madrid, Granada, *Internacional de la Rioja, Internacional de Catalunya*, Internacional Valenciana, Jaén, Lleida (conxunto con *Alicante, Jaume I* e Rovira i Virgili), Málaga, Miguel Hernández de Elche, Murcia, UOC, Pablo de Olavide, Pompeu Fabra (conxunto con *Autònoma de Barcelona*, Girona e UOC), *Rey Juan Carlos*, Salamanca, Sevilla e *València*. En síntese, naquel curso académico existían 35 másters en materias criminolóxicas en España, organizados por 33 universidades. Seis institucións (as universidades de Granada, Internacional de Le Rioja, Internacional Valenciana, Málaga, Miguel Hernández de Elche e *València*), de feito, tiñan dous másters en materias criminolóxicas e penolóxicas cada unha delas. En total, 2065 estudantes cursaban másters de criminoloxía en España en 2022-2023, o que supuña un 22,6% de crecemento en apenas dous cursos. Como sucede no caso dos graos, tamén en másters a presenza de universidades privadas é moi destacada. Neste caso, a porcentaxe é moi superior á dos graos: o 44,9% dos estudantes de máster de criminoloxía en 2022-2023 estaban matriculados en universidades privadas, unha proporción que está na liña da media xeral de estudantes de máster en universidades privadas (44,3%).

O proceso de proliferación dos estudos en criminoloxía tamén se ten dado, cunha intensidade aínda maior, nunha área próxima a Galicia en termos xeográficos pero tamén culturais e socioeconómicos, o norte de Portugal. A zona norte do país veciño ten sido, no período máis recente, o verdadeiro motor da consolidación dos títulos de criminoloxía en Portugal. Máis en concreto, o volume de programas de criminoloxía existentes no Porto e na súa zona metropolitana é realmente moi salientable. A Universidade do Porto, a institución académica de referencia na zona septentrional do país, ten na actualidade 1 grao, 2 másters e 2 doutoramentos en criminoloxía. A súa principal competidora a nivel rexional, a *Universidade do Minho*, ten 1 grao e 1 máster en criminoloxía. No eido das institucións privadas, a Universidade da Maia-ISMAI, a Universidade Lusíada do Porto e a Universidade Fernando Pessoa ofertan, cada unha delas, 1 grao e 1 máster en criminoloxía. En síntese, nunha área xeográfica que ten un número de habitantes lixeiramente superior ao de Galicia, as universidades da área metropolitana de Porto teñen 5 graos, 6 másters e 1 doutoramento en criminoloxía, 12 títulos en total.

O interese do máster que se propón reside, ante todo, en que a situación do SUG é moi diferente sen que, como se verá nos apartados seguintes, haxa maior motivo de carácter laboral que poida explicar esa diverxencia. O SUG é un dos sistemas universitarios autonómicos de tamaño medio, se ben atópase nas primeiras posicións no conxunto do Estado nunha serie de indicadores. No curso 2022-2023, o SUG acollía 49.775 estudantes de grao (7ª posición autonómica, 3,68% do total estatal), 6.706 estudantes de máster (7º posto, 2,43% do total) e 5.299 estudantes de doutoramento (6ª posición, 5,74% do total).

Fronte a esta dimensión en termos xerais, a presenza da criminoloxía no SUG é, ata o momento, mínima. O único título existente na materia é o grao en criminoloxía da Universidade de Santiago de Compostela (en adiante, USC), que se iniciou no curso 2018-2019 con 100 estudantes e que no curso 2022-2023 contaba con 267 estudantes en cinco cursos. Na actualidade, o SUG non conta con ningún título de posgrao en criminoloxía ou disciplinas afíns, a pesar de que comunidades autónomas con sistemas universitarios de menor tamaño, como Castela-A Mancha, Murcia ou País Vasco teñen ese tipo de títulos de posgrao.

En síntese, o SUG ten quedado esencialmente á marxe dun proceso que ten transformado profundamente o organigrama dos programas de ciencias sociais e xurídicas das universidades españolas (e, como se ten visto, tamén os centros de ensino superior da outra beira da euro-rexión), en breve prazo. Os estudos de criminoloxía están claramente infra-representados no SUG; o estudiantado de criminoloxía representa o 1,58% do estudiantado de grao e o 0,75% do de máster das universidades españolas, mentres que no caso do SUG esas porcentaxes son o 0,54% e o 0%. Por outra banda, o SUG está claramente infra-representado no campo da criminoloxía en España; os estudantes de grao do SUG son o 3,68% do total estatal con carácter xeral e o 1,25% no eido da criminoloxía.

Sen prexuízo do que se dirá máis abaixo en materia laboral, non parece que os motivos desta anómala infra-representación teñan a ver coas capacidades do SUG, dos seus grupos de investigación ou dos seus centros e departamentos. Lonxe diso, o SUG conta con docentes e investigadores moi recoñecidos en materia de psicoloxía, de socioloxía ou de dereito, por poñer só algúns exemplos dos eidos disciplinarios que adoitan construír o campo criminolóxico. Máis aínda, o SUG conta con profesionais que teñen tido recoñecemento, mesmo a nivel internacional, propiamente en materia criminolóxica. A estes efectos, basta con mencionar os docentes e investigadores das universidades do SUG que teñen formado parte da dirección da *Sociedad Española de Investigación Criminológica* ou da *European Society of Criminology*. A modo de referencia adicional, académicos do SUG son relatores frecuentes, v.gr. nos congresos anuais da *American Society of Criminology*. Non é menor o papel de docentes que forman parte do equipo promotor do máster na dirección da *Sociedad Española de Psicología Jurídica y Forense* e da *Asociación Iberoamericana de Justicia Terapéutica*, así como da *Fundación Internacional de Ciencias Penales*.

Xa que logo, á hora de indagar as razóns da infra-representación que se vén de presentar, é necesario considerar factores de carácter laboral ou relativos á demanda.

2 Mercado laboral

A escasa presenza dos estudos de criminoloxía no SUG que se vén de analizar pode ter a ver con condicións específicas do mercado laboral que, se cadra, poderían ser diferentes das correspondentes a outras comunidades autónomas (ou, no seu caso, ás da zona norte de Portugal), nas que os títulos universitarios de criminoloxía teñen xa unha presenza consolidada.

Certamente, non semella que sexa o caso. Os estudos de criminoloxía teñen un problema claro de orientación laboral, toda vez que, a diferenza do que acontece en moitos outros países de Europa occidental, en España non se requiren aínda titulacións de criminoloxía para habilitar o acceso a certas profesións ou a certos postos, incluídos aqueles que, como sucede no eido carcerario, teñen levado tradicionalmente o nome

“criminólogo”. É moi probable que, nun futuro non moi distante, semellante contexto se vexa superado e, como acontece en moitos outros países da nosa contorna, os titulados en criminoloxía sexan profesionais recoñecidos en canto tales en múltiples eidos, desde os diversos niveis da administración pública a unha pluralidade de entidades do terceiro sector e dos servizos sociais, pasando polos departamentos de seguridade de entes empresariais.

Sexa como for, esta eiva afecta por igual ao conxunto do Estado, non só á comunidade autónoma de Galicia. O que resulta máis relevante, é un problema en materia laboral que lastra as potencialidades dos graos en criminoloxía, non dos posgraos. Certamente, no contexto profesional presente xorden algúns interrogantes sobre a utilidade laboral dese tipo de graos, isto é, da criminoloxía como formación única. Por moito que no futuro próximo probablemente esta situación mudará, aínda non aconteceu semellante cambio. Sen embargo, non sucede o propio no caso dos posgraos. Un posgrao, en tanto que formación complementaria, axuda a precisar o perfil profesional do estudiantado universitario e, xa que logo, pode combinarse con outro tipo de formación. Desde esta perspectiva, o posgrao ofrece unha versatilidade na que a criminoloxía encaixa á perfección, como complemento formativo a outras disciplinas que contan con habilitacións profesionais máis consolidadas e regradas. Esa versatilidade é, en certa medida, semellante á das universidades que teñen optado por artellar os graos de criminoloxía como dobres graos xunto con dereito ou -en moita menor medida- psicoloxía. Sen embargo, a versatilidade do posgrao é aínda moi superior á do dobre grao. Ese esquema permite un acceso á complementariedade formativa a persoas graduadas nunha pluralidade de carreiras respecto das cales criminoloxía aparece como un saber anexo dotado de utilidade académica e profesional. Pensando nos graos do SUG, criminoloxía se presenta como un suplemento formativo especialmente atractivo para estudantes de dereito (2572 estudantes do SUG no curso 2022-2023), traballo social (657 estudantes), socioloxía (363 estudantes), psicoloxía (783 estudantes), educación social (999 estudantes) ou mesmo xornalismo (399 estudantes). En suma, o universo de estudantes de grao do SUG que poderían ter interese nunha formación complementaria en criminoloxía –incluído os correspondentes ao grao de criminoloxía- era no curso 2022-2023 de 6040 persoas, o 12,13% do estudiantado de grao das universidades galegas.

Este é o primeiro nicho de carácter laboral que se presenta para uns estudos de posgrao en criminoloxía, isto é, o relativo a persoas graduadas con formación en diversas disciplinas das ciencias sociais e xurídicas que queiran dotar á súa formación dun complemento que faga o seu perfil profesional máis atractivo á hora de acceder a múltiples postos das administracións públicas, dos servizos sociais, do terceiro sector e o traballo comunitario e –certamente en menor medida- do mundo empresarial. Como se vén de apuntar, neste capítulo é preciso incluír os propios graduados en criminoloxía do SUG (267 estudantes no curso 2022-2023), que poidan atopar no posgrao unha formación complementaria e diferencial da xa recibida no grao. En liña de principio, non cabe obviar as dificultades que supón que unha formación de posgrao outorgue un perfil netamente diferencial en relación cun grao na mesma disciplina. Sen embargo, no caso da criminoloxía esta tarefa intúese menos complicada que noutros eidos. En primeiro lugar, a criminoloxía é un campo científico intrinsecamente interdisciplinario. Xa que logo, unha mudanza da combinación das disciplinas que concorren á definición do perfil dun título (v.gr., unha delimitación particularmente clara con los saberes propios de la criminalística), como sucederá neste caso, crea xa un elemento diferencial no estudo correspondente. En segundo lugar, neste caso concreto o feito de que o grao de criminoloxía do SUG estea nunha única universidade (a USC) e que o posgrao sexa

impartido polas dúas outras universidades públicas do sistema facilita que se poda construír unha oferta con perfís diferentes. Non en van, o posgrao incorporará os salientables coñecementos en materia criminolóxica que se teñen ido consolidando por parte dos equipos de investigación da UDC e da UVigo.

Sen prexuízo de todo o apuntado sobre as relativas potencialidades en termos de emprego dos graos e dos posgraos en criminoloxía, un estudo como o que se propón probablemente non ten a súa única utilidade laboral no eido do estudantado de graos en ciencias sociais e xurídicas que vexan atractivo nun complemento formativo como o que se suxire. De novo a diferenza do grao, un posgrao na materia ten unha clara potencialidade en relación cos diversos profesionais que traballan, en maior ou menor medida, en áreas obxecto de atención por parte da criminoloxía. O abano de segmentos profesionais para os cales un posgrao en criminoloxía podería ser de interese non é menor. Neste sentido, como parece obvio, hai que contar ao persoal do Ministerio do Interior, ás forzas e corpos de seguridade do Estado dos diferentes niveis territoriais e aos profesionais que traballan noutros entes do sistema penal. A carencia de datos estatísticos plenamente validados na materia fai difícil unha estimación exacta de cantas persoas poden abranguer algúns destes colectivos. Sen embargo, algunhas referencias dan idea do tamaño do universo do que se está a falar. Os membros das forzas e corpos da seguridade pública son en Galicia en torno a 13.500 (fontes: Ministerio del Interior, Eurostat). Polo que fai aos inmoables carcerarios, na actualidade Galicia conta con 5 centros penitenciarios pechados (situados nas proximidades das cidades da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra) aos que se suman 3 centros de cumprimento en réxime semi-aberto (na Coruña, Ourense e Vigo). O persoal que traballa neses establecementos carcerarios ascende aproximadamente a 1400 persoas (fonte: Secretaría General de Instituciones Penitenciarias). Asemade, como todas as comunidades autónomas, Galicia ten un sistema propio de execución de medidas penais en materia de menores, no que está empregado un número indeterminado de persoas. Polo que fai a outros profesionais que traballan nas axencias do sistema penal, un colectivo especialmente digno de interese, tanto polo seu volume como polo atractivo que lle pode resultar un posgrao en criminoloxía, é o da avogacía. Certamente, trátase dun colectivo moi numeroso. En decembro de 2023 había en Galicia 6993 avogados e avogadas exercentes, organizados en 7 colexios (os máis numerosos, con moito, son os da Coruña e Vigo). A ese volume de letrados e letradas hai que sumarlle un número salientable de avogados e avogadas non exercentes, 4082 en Galicia en decembro de 2023, de novo con A Coruña, Vigo e –neste caso tamén- Ourense en cabeza (fonte: Consejo General de la Abogacía Española). Polo que se refire a outros colectivos profesionais que teñen afinidade coa criminoloxía e poderían ter interese en cursar unha formación complementaria como a que se propón, o número de psicólogas e psicólogos colexiados era en Galicia de 3587 en 2023 (fonte: Consejo General de la Psicología de España). Polo que fai aos profesionais do traballo social, no colexio galego había 3327 colexiados e colexiadas no ano 2022 (fonte: Consejo General del Trabajo Social).

En síntese, alén do xa apuntado en relación co estudantado graduado en diversas ramas das ciencias xurídicas e sociais –incluída a propia criminoloxía- que poden ver nun posgrao en criminoloxía un complemento de interese en termos de emprego, a potencialidade laboral dun título como o que aquí se presenta está centrada na formación complementaria e continua dun conxunto de profesionais relacionados co mundo dos conflitos sociais, dos delitos e da resposta social e institucional a estes problemas colectivos de convivencia. O volume de membros de colectivos como as forzas e corpos de seguridade pública ou a avogacía fai que a potencialidade en termos laborais dun título de criminoloxía sexa realmente promisorio.

Polo demais, este segundo eido de interese do posgrao de criminoloxía en termos laborais, o de formación continua de profesionais, se orienta na dirección de extensión da formación superior entre os profesionais dos campos de control do delito que se ten emprendido en múltiples países europeos. A manifestación máis clara desa orientación é a formación continua dos membros das forzas e corpos de seguridade pública, o modelo dos *colleges of policing*, que se entende necesario para avanzar na capacitación tecnolóxica das tarefas de policía. Probablemente as dúas institucións de referencia neste sentido son o *Norway Police University College* (organizado como centro de educación superior en 1992) e -de forma máis recente- o *College of Policing* inglés, fundado en 2012. Pensando a formación continua dos profesionais da seguridade nese marco, o posgrao interuniversitario de criminoloxía podería contribuír a producir sinerxías –no eido docente, pero tamén no investigador- coa Academia Galega de Seguridade Pública, axudando a que se desenvolvese cara ao modelo europeo dos *colleges of policing*.

3 Demanda

As consideracións en materia da demanda potencial dun posgrao en criminoloxía xa foron avanzadas –en grande medida– nos apartados anteriores. Cuestións como o rápido crecemento dos estudos de criminoloxía na universidade española, o volume de estudantes de graos e posgraos na materia (e a súa proporción en relación con outras ciencias sociais e xurídicas), a infra-representación deste tipo de estudos no SUG ou o universo de estudantes do SUG e de profesionais que poderían ter interese nunha formación posterior ao grao destas características xa foron apuntadas previamente. Xa que logo, non procede reiterar este tipo de cuestións. Con todo, no presente epígrafe corresponde facer algunhas consideracións adicionais.

Desde unha perspectiva de demanda potencial e mesmo de interese laboral, non pode perderse de vista que Galicia non é o territorio de España e de Europa no que máis relevancia deba ter a criminalidade. A pesar de que nalgúns cidades galegas se produciron momentos álxidos de preocupación colectiva pola delincuencia no contexto pandémico e pos-pandémico, o certo é que Galicia presenta taxas comparativamente baixas de criminalidade. Os cambios técnicos nas estatísticas de Eurostat fan difícil unha estimación precisa, pero Galicia ten aproximadamente a metade da taxa de criminalidade media de España, o que supón entre un cuarto e un terzo da taxa media de Europa occidental. En suma, un volume de delincuencia que debería crear certos límites no que se refire ao alcance do mercado laboral vencellado, dun ou doutro xeito, ao mundo da resposta ao delito e aos conflitos sociais.

Con todo, é altamente dubidoso que estes datos poñan en cuestión as potencias dun máster de criminoloxía en termos de demanda. Hai varias razóns para manter ese escepticismo. En primeiro lugar, os propios estudos criminolóxicos teñen demostrado que, cando menos nos países do norte global (v.gr., en relación con EEUU na última década), non existe unha correlación lineal entre volume de criminalidade e recursos humanos (e materiais) do sistema penal. Dito de xeito sintético, o sistema penal conta cun mínimo de recursos materiais e humanos substancialmente independente do volume da delincuencia, e o crecemento da criminalidade non xera una expansión na mesma proporción dese volume de recursos. En efecto, os recursos humanos de v.gr. os corpos policiais teñen unha relación limitada coa cantidade de delitos do territorio correspondente.

En segundo lugar, noutros lugares a existencia de títulos de criminoloxía non ten maior relación coas taxas de criminalidade locais. Ese é o caso, por exemplo, de comunidades autónomas que teñen posgraos (e graos) en criminoloxía a pesar de ter taxas baixas de criminalidade, semellantes á galega. Paga a pena mencionar neste sentido Castela-León, Castela-A Mancha ou Estremadura. No mesmo capítulo hai que incluír á zona norte de Portugal, que tamén ten unha das taxas de delincuencia máis baixas de Europa occidental.

En terceiro lugar, os datos de volume de delincuencia non teñen tido maior influencia sobre o éxito do grao en criminoloxía da USC, posto en marcha no curso 2018-2019. Este título oferta cada ano 100 prazas. Nos catro anos transcorridos desde a súa creación, este grao esgotou sempre as prazas ofertadas. Máis aínda, a demanda desta titulación é tan significativa que ten unha nota de corte certamente elevada. No curso 2021-2022, a nota de corte foi de 10,420, unha das máis elevadas dos graos en ciencias sociais e xurídicas do SUG, só superada polos dous dobres graos en ADE e Dereito da Universidade de Vigo (Campus de Ourense e Campus de Vigo), polo graos en comunicación audiovisual, psicoloxía e xornalismo e o dobre grao en dereito e relación laborais da USC e polos graos en comunicación audiovisual, e en creación dixital, animación e videoxogos e o dobre grao en ADE e dereito da Universidade da Coruña. Esa nota de corte é o resultado dunha demanda certamente extraordinaria. Segundo teñen informado desde o equipo de dirección do grao en criminoloxía da USC, a titulación recibiu no curso 2021-2022 900 solicitudes de matrícula para 50 prazas. Polo demais, a nota de corte do grao de criminoloxía do SUG non é, en todo caso, unha excepción. No curso 2021-2022 tamén tiveron unha nota de corte moi elevada, entre outros, os graos de criminoloxía das universidades Complutense de Madrid, Granada, Málaga, Murcia, Pablo de Olavide, Rey Juan Carlos, Sevilla e Valencia. De xeito semellante ao que sucede co grao de criminoloxía compostelán, no curso 2020-2021 o *Máster en Ciencias Criminológicas y Seguridad* da *Universidad de Granada* recibiu 546 solicitudes para 40 prazas (fonte: Universidade de Granada).

En suma, tal como se ten fundamentado ao longo da presente memoria, hai múltiples motivos para pensar que un máster de criminoloxía do SUG conta cunha importante demanda potencial, sexa polo que se refire a estudantes de graos de ciencias sociais e xurídicas –incluído o de criminoloxía–, sexa polo que fai a profesionais das diferentes ramas do sistema penal e dos servizos sociais. Non hai nada de estraño niso, se se repara en que dos másters na materia actualmente impartidos en España, a ampla maioría teñen contado con volumes de estudantes superiores a 25-30 por ano nos últimos cursos. Un número non menor destes másters teñen máis de 50 estudantes. Encabezando esta lista, o máster da *Universidad Internacional Valenciana* tivo 407 estudantes e os dous másters de criminoloxía da Universidad Miguel Hernández de Elche tiveron conxuntamente 165 estudantes en 2022-2023, mesmo sendo ambos do sistema universitario da Comunidade Valenciana, que ten xa un número importante de outros estudos de grao e posgrao na materia.

4 Non duplicidade

As cuestións relativas aos riscos de duplicidade dun título de máster das características do proposto xa foron abordadas –cando menos, parcialmente- noutros apartados desta memoria. Xa que logo, neste momento procede facer unha síntese conclusiva en relación con esta dimensión da compatibilidade da proposta coa actual estrutura do SUG.

Como se ten apuntado previamente, neste momento os riscos de duplicidade son case inexistentes. Todo o contrario, un título de máster en criminoloxía viría cubrir un oco formativo no SUG, que podería resultar de interese para un amplo abano de estudantes de graos en ciencias sociais e xurídicas. Cos datos correspondentes ao curso 2022-2023, o volume deses estudantes de grao estimouse en 6040, equivalente ao 12,13% dos estudantes de grao e ao 27,99% do estudiantado de graos en ciencias sociais e xurídicas do SUG nese ano. Preto da metade dese universo subxectivo corresponde ao estudiantado de dereito (2572), seguido polo de educación social (999), psicoloxía (783), traballo social (657), xornalismo (399), socioloxía (363) e a propia criminoloxía (267).

Parece obvio que en relación con todos eses graos (menos o de criminoloxía) non haberá problemas de duplicidade xa que, se ben a criminoloxía como ciencia ten compoñentes de todas as disciplinas mencionadas (e doutras, como a arquitectura, o urbanismo ou a ciencia política), é netamente diferente de cada unha delas. Esas diferenzas vense incrementadas cando se trata de estudos de grao e de posgrao, como é o caso. En suma, as cautelas neste punto só parecen ter sentido en relación co grao de criminoloxía. Sen embargo, como se suxeriu previamente, hai cando menos dúas razóns para non albiscar riscos de duplicidade neste terreo. En primeiro lugar, o tipo de formación criminolóxica que ofrece un determinado título é o resultado da combinación das diversas disciplinas e equipos de investigación que converxen nel. A diferenza de moitas outras titulacións consolidadas desde hai décadas, a diversidade no terreo da criminoloxía é máxima. En consecuencia, cada título combina de forma distinta os seus compoñentes disciplinarios, o que produce diferenza, non repetición ou duplicidade. En segundo lugar, o apuntado vese reforzado no caso da proposta presente polo feito de que o grao de criminoloxía do SUG é ofrecido en exclusiva pola USC, mentres que esta proposta de máster ofrécese polas universidades da Coruña e Vigo. Esa diferenza estrutural e organizativa básica fai que se evite calquera risco de superposición ou duplicidade.

En canto á denominación do título, Máster en Criminoloxía, consideramos que dende o punto de vista académico e científico é o máis adecuado. Por unha parte, como xa foi exposto, unha análise comparativa con outros sistemas educativos, pon de relevo que é a denominación predominante para os títulos de posgrao desta especialidade, polo que fará posible a comparabilidade, o que é de relevo a efectos da internacionalización dos estudos. Por outra parte, en relación cos estudos de grao ofertados pola USC baixo o mesmo nomen, esta denominación non creará confusión algunha porque se están ofertando claramente como estudos de posgrao, polo que se permite ao estudantando identificar unha oferta diferenciada e especializada, sendo, en todo caso, unha continuidade dos estudos de grao. Precisamente, o Máster en Criminoloxía, así intitulado, permitirá completar a oferta formativa nesta área de coñecemento dentro do SUG, facilitando aos demandantes de estudos e de emprego a identificación dun itinerario claro, concreto, susceptible de comparación a nivel internacional e recoñecible, que fuxe de denominacións artificiais, difíciles de entender e que corren o risco de xerar dúbidas e, en consecuencia, desapego respecto do propio Sistema. Por todo o anterior, consideramos conveniente e así o tentamos motivar, manter a denominación para estes estudos de posgrao.